



XLV CONCURSO DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO

, 21 de xullo de 2024

BASES

BASES PARA PARTICIPAR NO CERTAME

1. PARTICIPANTES

Poderá concorrer calquera persoa con capacidade xurídica e de actuar, en nome propio ou representando a outra persoa natural ou xurídica, o que deberá constar fidedignamente.

As persoas menores de idade que participen deberán facelo autorizadas polas súas titoras legais, que serán quen faciliten os datos fiscais no caso de obterem algún premio.

Para participar deberán cubrir a folla de inscrición que cómpre solicitar ao correo electrónico asociaciondotraxegalego@gmail.com, no modelo que corresponda á categoría á que se presenten (traxe de home, traxe de muller ou grupos de dez ou máis persoas).

2. CATEGORÍAS DE TRAXES

A) Establécense tres categorías principais: traxes de home, traxes de muller e grupos de dez ou máis persoas. Dentro de cada unha delas poderase participar nunha única das seguintes subcategorías:

A.1) Traxe antigo, con dúas modalidades:

- Traxe antigo completo: traxes completos de, cando menos, cen anos e feitos para usos tradicionais, non para coros ou Entroido. As saias, camisas, cirolas, refaixos, enaugas e pololos, no caso de levalos no certame, poderán ser de nova confección, xa que non serán valorados como partes do traxe que se amose.
- Pezas ou conxuntos de pezas antigas que non compoñan un traxe completo.

As pezas que complementen ás que se presentan ao concurso deberán gardar harmonía en canto a localización, época, materiais empregados e demais datos identificativos das pezas antigas.

*Considerando que actualmente a media de altura das persoas é moito maior que no tempo en que se fixeron e usaron as pezas antigas, as que se presenten a concurso nesta categoría poderán ser levadas por persoas menores de 12 anos, se ben non poderán presentarse en ningunha outra categoría no mesmo certame.

A.2) Traxe moderno. Serán copias ou reproducións de traxes antigos, debidamente documentados. Subdivídese en dúas categorías:

- Traxe de garda ou gala
- Traxe habitual (domingueiros, de ir á festa, decotío)

Dentro da categoría de traxes de home haberá unha subcategoría de nenos e dentro da categoría de traxes de muller unha de nenas, ás que só poderán presentarse persoas entre os 5 e os 12 anos de idade o día do concurso.

Con todos os traxes, sexan antigos ou de nova confección, deberá presentarse un inventario de pezas que o compoñen, con procedencia, época, patrimonio do que procede (familia, lugar), autoría, se consta, e cantos datos poidan enriquecer o coñecemento da procedencia, uso e ocasión para a que se confeccionou, etc.

A.3) Establécese unha categoría única para grupos de máis de dez persoas, que non poderán presentarse a ningunha das outras establecidas neste certame.

3. CALIDADE DOS MATERIAIS

Calquera que sexa a categoría na que se participe, os traxes presentados deberán estar confeccionados en tecidos naturais e de uso na tradición téxtil popular; os adornos deberán ser de vidro, acibeche, ou cera vidrada; os agremáns deberán ser de fío, seda ou algodón, e os deseños e factura deberán corresponderse cos patróns e modos tradicionais.

4. DATOS NECESARIOS E OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Na folla de solicitude de participación faranse constar todos os datos requiridos, o que terá efecto de declaración responsable da súa autenticidade e veracidade.

Xuntarase na solicitude unha foto das prendas ou traxes a presentar.

Non poderán presentarse ao concurso traxes ou pezas que xa fosen premiados nalgunha das tres últimas edicións.

A inscrición no concurso implica participar na sesión fotográfica que terá lugar durante a súa celebración e ceder os dereitos de imaxe das pezas que se amosen. Pólo que deberán autorizar á Asociación do Traxe Galego para usar as imaxes facilitadas dentro da relación de participación no XLV Certame do Día do Traxe Galego nas publicacións desta entidade e das persoas asociadas que realicen traballos relacionados co traxe tradicional galego.

5. XURADO

O xurado estará constituído polas persoas que designen as seguintes institucións:

- 1) Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- 2) Concello de Santiago de Compostela
- 3) Universidade de Santiago de Compostela
- 4) Consello da Cultura de Galicia
- 5) Museo do Pobo Galego
- 6) A secretaría, que actuará con voz e sen voto, recaerá na persoa que exerza a secretaría da Asociación do Traxe Galego

O xurado deberá ter en conta a calidade e autenticidade dos traxes e de cada unha das pezas que os compoñan, así como dos complementos como calzado, adobíos e peiteado.

O xurado terá potestade para outorgar as mencións que considere convenientes e para determinar a descualificación inmediata das persoas participantes que incumpran algunha das bases do concurso ou das normas de organización do certame.

De quedar deserto algún premio, o xurado poderá outorgar o seu importe a outro traxe, como premio especial.

A decisión do xurado será inapelable.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSCRICIÓN NO CONCURSO

Solicitaranse as fichas de participación escribindo ao correo electrónico:

asociaciondotraxegalego@gmail.com

Prazo de presentación: Enviaranse ao mesmo correo

asociaciondotraxegalego@gmail.com,

Dende as 00.00 horas do día 10 de xullo até as 24.00 horas do día 18 de xullo de 2024.

7. PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

Homes:

Traxe antigo: premio único de 400 € e agasallo conmemorativo

Traxe de gala:

Primeiro premio: 400 € e agasallo conmemorativo

Segundo premio: 300 € e agasallo conmemorativo

Traxe de uso común:

Primeiro premio: 400 € e agasallo conmemorativo

Segundo premio: 300 € e agasallo conmemorativo

Nenos:

Primeiro premio: tarxeta regalo e agasallo conmemorativo

Segundo premio: tarxeta regalo e agasallo conmemorativo

Mulleres:

Traxe antigo: premio único de 400 € e agasallo conmemorativo

Traxe de gala:

Primeiro premio: 400 € e agasallo conmemorativo

Segundo premio: 300 € e agasallo conmemorativo

Traxe de uso común:

Primeiro premio: 400 € e agasallo conmemorativo

Segundo premio: 300 € e agasallo conmemorativo

Nenas:

Primeiro premio: tarxeta regalo e agasallo conmemorativo

Segundo premio: tarxeta regalo e agasallo conmemorativo

Grupo de máis de dez persoas: premio especial de 600 €

Premio especial á peza ou conxunto de pezas antigas que non compoñan un traxe antigo completo: 200 €

Información para os grupos de máis de dez persoas:

1. Poderán inscribirse grupos co NIF dunha persoa xurídica, que será a que perciba o importe do premio.
2. Admítese a inscrición do grupo co NIF dunha persoa física. Cómpre ter en conta que no caso de obter o premio estará obrigada fiscalmente a declarar o ingreso ante Facenda.
3. Tamén poden inscribirse todas as persoas que formen un grupo cos correspondentes NIF. Faise a advertencia de que o ingreso do premio distribuiráse proporcionalmente ao número de participantes que acrediten o seu NIF e de que a súa percepción implica a obriga fiscal de declaralo ante Facenda.